

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 2 DE DECEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dous de Decembro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-
los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 25 de Novembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos de común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Dona Carmen Moreno Moreno, na representación de J.M. Carmina S.L., veciña desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, 19, para que no baixo sito no devandito lugar, poida levar a cabo obras consistentes en adaptación do local para tienda de consertería-lencería. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós

efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é 38.766 pesetas. Así mesmo, aproveito a oportunidade para comunicarlle que, en canto á licencia da actividade deberá presenta-la documentación seguinte: xustificante de estar de alta no IAE, certificado de fin de obra e, informe emitido polo Xefe Local de Sanidade; unha vez presentados estes documentos, esta Comisión de Goberno estará en disposición de expedi-la licencia interesada.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, concedendo unha axuda económica por importe de 500.000 pesetas para organización de campañas co obxecto de logra-la normalización lingüística no Concello. A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aceptar dita subvención nos termos que figuran no escrito que contén o mesmo.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, no que se regula o programa de control sanitario das matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Novembro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o

completo pago á Empresa Expo Galicia, Exposiciones Gallegas S.L., a cantidade de 558.000 pesetas por aluguer de "stands" e servicios de organización da XXXIII Edición da Feira do Viño do Ribeiro.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 6/96, por importe de 3.241.280 pesetas, con cargo a unha subvención do INEM, para a obra de Rehabilitación Local Centro Social.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a entrega a conta de 502.362 pesetas á Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro destinadas ao financiamento da Escola Obradoiro Termas de Prexigueiro 1ª Fase, con cargo á aportación municipal para a anualidade 1996.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.